

## **BASES DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA LER CONTA MOITO PARA AS BIBLIOTECAS PÚBLICAS PERTENCENTES Á REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA**

Un ano máis a Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través do programa *Ler conta moito*, pon á disposición da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia un catálogo de actividades de dinamización da lectura para que, segundo as preferencias e necesidades de cada biblioteca, poidan acollerse ao programa de acordo cos seguintes requisitos:

### **1. Adhesión ao programa *Ler conta moito***

1.1 As bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia, ou con solicitude de integración antes da convocatoria do programa, que desexen participar en *Ler conta moito* 2016 deberán cursar un escrito de aceptación das bases de participación e do sistema de xestión do programa.

Este escrito de aceptación debe estar asinado polo alcalde ou o concelleiro con responsabilidades delegadas, e dirixirse ao seguinte enderezo:

**Servizo do Sistema de Bibliotecas  
Biblioteca de Galicia  
Cidade da Cultura  
Monte Gaiás s/n  
15707 Santiago de Compostela**

1.2 O prazo de admisión de escritos de aceptación remata o **17 de febreiro de 2016**.

## **2. Solicitude de actividades do programa**

2.1 As bibliotecas públicas interesadas en programar actividades de animación á lectura no marco do programa *Ler conta moito* deberán cubrir o formulario electrónico de solicitude.

O prazo de solicitude será: **do 4 ao 17 de febreiro de 2016, ambos inclusive.**

2.2 As bibliotecas públicas deberán realizar as súas propostas de programación sobre a base do **Catálogo Ler conta moito 2016**, de actividades de animación á lectura, que a Secretaría Xeral de Cultura ten a súa disposición na páxina [www.rbgalicia.xunta.es](http://www.rbgalicia.xunta.es)

2.3 As bibliotecas deberán solicitar e programar un mínimo de dúas actividades, tendo en conta que a Xunta de Galicia financiará un máximo de 850 € por biblioteca. Esta cantidade poderá minorarse en función do número de solicitudes recibidas.

2.4 O período de programación de actividades comprenderá **do 13 de marzo ao 27 de outubro do 2016.**

2.5 Para participar na edición 2016, a biblioteca solicitante deberá achegar a seguinte documentación:

- a.** Planificación de actividades 2016 da biblioteca
- b.** Memoria de actividades desenvolvidas en 2015 de acordo co seguinte esquema:
  - Breve descrición da programación de actividades
  - Calendario de realización
  - Orzamento

- Destinatarios (ámbito territorial, número de destinatarios, niveis de ensino e/ou colectivos sociais).

### **3.- Obrigas das bibliotecas no desenvolvemento do programa**

As entidades públicas e demais persoas xurídicas titulares das bibliotecas adheridas ao programa *Ler conta moito* estarán obrigadas a:

3.1 Poñer á disposición dos profesionais dinamizadores as infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo de cada actividade contratada. As actividades deberán desenvolverse axeitadamente nas instalacións da biblioteca ou espazos anexos (no caso de compartir edificio) para manter unha relación clara entre o servizo bibliotecario e a actividade de promoción da lectura.

3.2 Organizar puntualmente cada función. Cada programación deberá ser confirmada no formulario electrónico correspondente e garantirase a actualización permanente do calendario do programa *Ler conta moito*.

3.3 Colaborar no desenvolvemento de accións complementarias á actividade programada, para o seu maior aproveitamento. Para isto contará con propostas definidas no proxecto da actividade incluída no catálogo. A biblioteca velará por establecer unha relación directa e explícita cos seus fondos (libros, música, información na rede, publicacións periódicas etc.), de maneira que se favoreza un interese posterior por parte dos participantes, ou que se lles facilite, de maneira sutil e lúdica, información sobre o uso da biblioteca.

Todos os gastos derivados das tarefas complementarias, así como da difusión local, corresponderanlle á entidade titular da biblioteca.

3.4 Incorporar o logotipo do programa en todas as accións de difusión e/ou actividades complementarias ao programa.

3.5 Cargar directamente no blog do programa Ler conta moito unha imaxe que visibilice como foi o desenvolvemento da actividade na biblioteca así como un comentario explicativo que a acompañe, ao remate da actividade ou nos cinco días posteriores.

3.6 Cubrir a avaliación da actividade desenvolvida, en formato electrónico, na que se fará referencia a satisfacción e ás incidencias rexistradas, así como os comentarios que se consideren de interese para outros programadores.

A avaliación cubrirase conforme co procedemento establecido polo Servizo do Sistema de Bibliotecas, nun prazo non superior aos cinco días hábiles inmediatamente posteriores á celebración da actuación.

3.7 Facilitarlle a certificación da biblioteca de que se realizou a función, ao seu remate, ao dinamizador/a.

3.8 Todo o acompañamento e difusión das actividades do programa *Ler conta moito* farase en galego.

#### **4.- Condicións económicas**

4.1 A Secretaría Xeral de Cultura cofinanciará coa cantidade de 850 € as actividades do catálogo do programa *Ler conta moito* seleccionadas polas bibliotecas, de conformidade coas súas dispoñibilidades orzamentarias.

4.2 A Secretaría Xeral de Cultura aboará o 75% do seu custo, tras a realización das actividades debidamente xustificadas.

4.3 O investimento máximo da Xunta de Galicia para o desenvolvemento do programa *Ler conta moito* é de de 850€ (impostos incluídos) por biblioteca.

#### **5.- Causas de exclusión da programación de promoción da lectura**



As bibliotecas consideraranse excluídas da programación para todos os efectos, logo da correspondente resolución motivada da Secretaria Xeral de Cultura, no caso de incumprimento de calquera das obrigas estipuladas nesta convocatoria.

## **6.- Resolución de dúbidas**

Para calquera dúbida poderán dirixirse aos seguintes enderezos electrónicos:

[lercontamoito@xunta.es](mailto:lercontamoito@xunta.es)

[cau-periferico@xunta.es](mailto:cau-periferico@xunta.es)(Centro de Atención ao Usuario)

Ou ben chamar aos seguintes números de teléfono

881 999 280

981 957 026

981 957 278